



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Centro de Educación Infantil e Primaria Víctor Sáenz

San Cosme de Antes, 35

15256 Mazaricos – A Coruña

Teléfonos: 881866101/881866102

Fax: 881866103

Correo electrónico: ceip.victor.saenz@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvictorsaenz/>

PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 20/21

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Dirección coas aportacións do profesorado do centro. É un plan dinámico, quere decir que no caso de ser preciso faranse modificacións, nalgús aspectos en función das observacións que se vaian realizando. No momento da elaboración desta proposta non tiñamos en formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

Ao inicio de curso informárase sobre este plan-circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

Uso de máscara

A partir dos 6 anos (todo **Primaria**) empregárase a máscara ao longo de todo o horario lectivo, No comedor o seu uso non é obrigatorio, pero recoméndase poñela despois de comer e entre 1º plato e o 2º e o postre.

O **alumnado de infantil** non terá que levala nas aulas, mais o seu uso será recomendado e tentarase que a usen o máximo posible, será obrigatorio, como norma xeral, en todas as zonas comúns: patio, corredores...ou cando se produza algún desprazamento

Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

-Uso obrigatorio para todo o persoal do centro

-Uso obrigatorio para toda a persoa que entre no centro

-O uso da máscara non será esixible para as persoas que presenten algúnha imposibilidade acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

Organización do centro

G	Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa (engadir unha fila por nivel e etapa e indicar o número total)	
CURSO	Nº ALUMNOS NIVEL	Nº ALUMNOS GRUPO DE CONVIVENCIA
Educación infantil 4º	3	10
Educación infantil 5º	11	
Educación infantil 6º	7	11
Educación primaria 1º curso	10	16
Educación primaria 2º curso	6	

Educación primaria 3º curso	5	10
Educación primaria 4º curso	5	
Educación primaria 5º curso	7	13
Educación primaria 6º curso	6	

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en **grupos de convivencia estable**, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios limitación de distancia, aínda que se procurará que a haxa. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo entradas, saídas e recreos,

Entradas e saídas

Como norma xeral, os acompañantes familiares non poden acceder ao patio nin ao edificio.

Horarios

Entrada 10 horas:

Entradas-Saídas

-Recreo: 11:50 a 12:20 horas.

-Comedor: 13:50 a 14:40 horas

Recreo comedor: 14.40 horas a 15:20 horas

Tarde:

Infantil: 16:25 horas

Primaria 16:30 horas

Sempre en todos os casos a orde de entrada e saída será de menor idade-nivel a maior idade nivel.

- Diferenciamos 2 portas de acceso ao colexio: **Porta do patio e Porta principal.**

-Para entradas, saídas e recreos da mañán e despois do comedor, diferenciamos cando

-NON CHOVE

-CHOVE

As decisión sobre se se considera día de chuvia ou non e polo tanto si entran por un o outro lado tomaráa o profesorado de garda.

Entradas

SE NON CHOVE

Chegada ao centro no autobús ou andando entran polo portalón do patio. Cada grupo **vai ao seu lugar asignado no patio descuberto** e cando sone a música entrarán por orden no colexio.

O mesmo para as entradas do recreo da mañán e do comedor.

SE CHOVE

Chegada ao centro no autobús e andando entran polo porta principal e e seguindo flechas pola parte dereita cada grupo vai **ao seu lugar asignado no patio cuberto**, seguindo as normas dos mestres de garda cando sone a música entrarán por orden no colexio

Saídas

Ao recreo e comedor

No recreo saen da clase pola súa dereita e accede a súa zona de xogo asignada.

Para ir ao comedor, saen da clase pola súa dereita e entran no comedor seguindo as indicacións

do persoal de garda.

Saída da tarde para a casa:

Infantil: 16:25 horas Saen ao outro lado do pasillo (lado comedor) e seguir flechas sentido patio-porta principal mantendo a distancia de 1,5 m.

Primaria 16:30 horas. Saen ao outro lado do pasillo (lado comedor) e seguir flechas sentido patio-porta principal mantendo a distancia de 1,5 m. Unha vez que chegan os de 1º e 2º a porta de saída e seguindo as normas dos mestres de garda, todo alumnado permanece de pe no seu sitio ata que se vai chamando. En primeiro lugar ao sairá o alumnado non transportado e logo o alumnado transportado por rutas que se van sinalando.

Espazos asignados para o alumnado nas entradas e recreos

Os patios exteriores dividiranse en zonas diferenciadas:

Se non chove

Establecense 5 zonas. Unha para cada grupo de convivencia. O alumnado permanecerá nas entradas e no recreo na zona do patio asignada á súa aula

Esta división fíxose tendo en conta o número de alumnado por aula, garantindo que cada aula poda ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social.

Na seguinte imaxe móstrase a disposición dos patios



-Se chove

- -Na entrada o alumnado entrará pola porta principal e a través do corredor dirixirase ao **patio cuberto que estará dividido en 5 zonas (non as anteriores)**, unha para cada aula.

- Para os recreos estableceranse 5 zonas para cada un dos grupos de convivencia do centro, polas que o alumnado rotará según un calendario establecido. Así cada grupo pode ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social.

- Zona 1-zona de biblioteca

- Zona 2- Sala de audiovisuais

- Zona 3, 4 e 5 nos patios exteriores cubertos.

- Os días que chova durante a entrada o mestre irá co grupo asignado á zona de patio cuberto que corresponda.

Actividades e xogos:

Tampouco se realizarán xogos de equipo ou con contacto físico. Trataremos de fomentar xogos que nos que non haxa aglomeracións e se poida gardar distancia física (patio inglés, corda, goma, xogos de equilibrio, coordinación...) ou xogos máis individuais coma o trompo.

Merenda

-O alumnado de Educación Infantil e de Educación Primaria fará a merenda na aula. Resulta moi difícil que todo o alumnado sexa autónomo para este labor, requirindo en moitas ocasións a axuda do profesorado que tomará as medidas hixiénicas necesarias. Antes e despois de merendar lavarán as mans nos baños de cada aula.

Aseos

- O alumnado empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula tamén na hora do comedor e/ou á especialidade na que estea.
 - Respetaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.
 - A limitación de aforo para os baños, no horario de clase, será a un usuario, e para controlalo pode utilizarse un sistema de “semáforo”, que indicará se o baño está libre ou non. Nos cambios, fóra das horas de clase, poderase aumentar o aforo coa supervisión da mestra encargada.
 - Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.
 - Para evitar que os baños exteriores sexan usados polo alumnado de primaria, deberán ir aos de dentro antes de saír ao patio.
- Este curso o alumnado non cepillará os dentes no colexio, é moi recomendable que o gagan na casa.

Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro

Tódolos avisos e novidades serán publicados na páxina web do centro.

- Os avisos e informacións dirixidos as familias serán enviados a través das aplicacións de mensaxería: tokapp ou teléfono.
- As informacións a outros colectivos faranse a través do teléfono e correo electrónico.
- Só se atenderá presencialmente cando sexa absolutamente necesario e como norma xeral con cita previa

Titorías

Haberá unha a principio de curso despois da información desta circular nunha assemblea xeral

De todo o grupo: ao longo do mes de setembro

Ed. Infantil.) 9 setembro

1º curso primaria. luns 14

2º curso primaria martes 15

3º curso primaria xoves 16

4º curso primaria venres 17

5º curso primaria e 6º curso primaria Semana do 21 ao 25. Confirmaranse datas.

Individuais

As titorías levaranse a cabo a criterio de cada titor/a segundo necesidades e circunstancias pódense utilizar as seguintes:

- Virtual: a través da plataforma que oferte a consellería no curso 20/21.
 - Presencial: para aqueles casos nas que a videoconferencia non sexa posible e respetando as medidas sanitarias establecidas nese momento. Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo nunha aula específica, previa cita e garantido a distancia social.
- Todos os asistentes á titoría levarán máscara e farán a pertinente desinfección de mans.

En ambos casos, será obrigatoria a cita previa, empregando calquera destas canles (Tokapp, axenda do alumnado, teléfono)

Inicio das clases

1º DÍA: 10 DE SETEMBRO.

Empezarán as clases para o alumnado de 4º e 5º nivel de educación infantil e 1º, 2º e 3º cursos de primaria

2º DÍA: 11 DE SETEMBRO

Empezarán as clases para o resto do alumnado de 6º nivel de educación infantil e 4º, 5º e 6º cursos de primaria

Haberá un lugar sinalizado para cada grupo no patio

O primeiro día de clase os nenos e nenas só teñen que traer unha axenda ou libreta e un bolígrafo ou lapis

O resto da mañá adicarase a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanzamento social

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparan gran parte da xornada lectiva

Ao longo deste mes o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases

En Educación Primaria non se deixarán os libros nin o material no centro. O alumnado deberá traer na mochila o que precise para cada día

Atención secretaría/dirección

Como norma xeral, só se atenderá presencialmente con cita previa.

Podedes solicitala a través do teléfono (881 866 101 ou 881 866 102) ou do correo electrónico (ceip.victor.saenz @edu.xunta.es).

Tamén podedes empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxerencia

No caso de abrochos. (ver Plan de continxencia)

ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

Prevención:

- Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

- Evitar aglomeracións:

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Establecer quendas de recreo.
- Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.

- Regular o acceso aos aseos
- Distancia social:
- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
 - Evitar situacións de contacto físico.

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:
- Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal.
 - Realizar desinfeccións dos aseos tres veces por mañá.
 - Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
 - Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
 - Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

20. Distribución horaria do persoal de limpeza			
PERSOAL	CONSERXE	OPERARIO LIMPEZA	OPERARIOS DE LIMPEZA
VENTILACION	ANTES INICIO CLASES	Realizara a ventilación das aulas que non estean ocupadas.	DE 15:45 A 17:45 un operario realizara tarefas de limpeza e desinfección e tamén ventilación de tódalas instalacións.
LIMPEZA BAÑOS	10:00, 10:50, 13:00	11:45 A 12:45 e 12:45 A 15:45	DE 16:45 A 18:45 outro operario continuara coas tarefas anteriores
LIMP. ZONAS CRITICAS	10:00, 10:50, 13:00	11:45 A 12:45 e 12:45 A 15:45	

Hixiene persoal:

- Facer limpeza e desinfección frecuentes das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección posterior ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
- Facilitar o labor do persoal de limpeza: Deixar as mesas ordenadas, ben colocadas colocadas os materiais do alumnado e do profesorado ter as, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Xel: nas aulas e espazos común e botiquín.
- Xabón: nos baños
- Panos desbotables: en todas as aulas,
- Dispensadores de papel mecha: en todas as aulas e aseos
- Solución desinfectante: nas aulas

Protección:

Uso de máscara:

- Pantallas. hai disponibles para todo o persoal docente e non docente que o solicite.
- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible, como pode suceder nas sesión de AL
- Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños
- Mamparas: Conserxería, secretaría e dirección, Aula PT-AL

ACCIONS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

· O profesorado do centro ten unha formación básica sobre as aulas virtuais e dixital, e para incrementar esta formación inscribímonos nun curso online de perfeccionamento convocado pol CAFI. Ao longo do trimestre, paralelamente ao proceso de formación iremos construíndo con contido as aulas virtuais ao mesmo tempo que iremos formando ao alumnado e informando ás familias.

Temos un proxecto de utilización a partir de 2º curso de primaria a Plataforma Snapett. Mediante un contrato permitiría a utilización de tablets ao alumnado con contidos das áreas de matemáticas e linguas galega, castelá e inglés

· A medida que vaimos familiarizándonos na uso da compencia dixital (aula virtual, plataforma Snapett.. iremos tamén formado ao alumnado).

Mentras non esté operativa a aula virtual e a plataforma Snapett formaremos ao alumnado e informaremos ás familias sobre como mandar unha foto por tokapp e por email, subir un arquivo por correo electrónico, unirse a unha videoconferencia por Webex...

ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.

- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiálo e coidalo emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.
- Utilizaremos como recurso todo o que viñemos aprendendo e traballando sobre o Mindfulness. Cada profesora na aula fará pequenas sesións de meditación adaptadas ao alumnado. Así mesmo todos os días, no comedor e antes de empezar a comer, faremos pequenas sesións de meditación